Trasalba (Ourense) San Francisco do 1971

Sr. Dn. Antonio Fraguas e Fraguas

Santiago de Compostela

Benquerido e lembrado amigo e compañeiro: Unha aperta e graci-
ñas pola sua agarimosa carta recibida en Santander. Corre o tempo cociña e
un se non esprica como se demoran as contestaciós as cartas dos verdadeiros
amigos. A sua é unha fielísima crónica da aldea galega de nestoria. Con isto
trocar o lugar podía eu firmala sobre ista aldea. As mulleres non enforman,
nin fan o caldo, toléan por comer de tenda, os homes misturan gaseosa ó viño,
gostan cerveza e coca-cola, e sobretodo licor-café. É o vicio nazonal. Hasta a
lle dan ós nenos pequenos. Si un propagandista chegára co slogan de "a terra
pra quen a traballe" botaban unha risada. Labouranse algunhas boas e doatas
nabeiras. As herdades son coteseiras a brava e as viñas antigas mollos desfei-
tos de politropias. Mais de trinta rapaces novos baixan traballar a Ourense.
Gañan de abondo, pro nos facendo xantares ordeados, mantendose de "bocadi-
llos", viciosos, bebendo mal coñac e fumando pior tabaco, sen aspecto e unha
fastema, ainda pro cheos de pretensións. Co ista e co desterme casi ausoluto
dos páxaros e as casas trocadas en pardiñeiros, isto é de un tristor que fai fa-
lla o amor meu pra aturar.

É unha delor o abandono dos socalcos do Sil, do Cabe, e doutras ribeiras.
Esbáranse as maravillas, as augas bravas estrozan o fino relevo, son xa roi-
nos de costar.

Eu teño bon xente na casa. Pro é moita e cara, e o resultado económico
gandeiro e ó remate vau.

Penso que Vdes os cateiráticos haise de atoparen embercellados nistes labirintos do ensino.

Sei que estiveron no Carballiño. Nos estivemos en Santiago polos días 18 e 20 do setembro. Estiven con Cordero Carrete, simpático como sempre.

Eiqui a vendima está sa case feita polas chuvas e friaxes do vrán. Hai algun millo. E a herba moita e má. No seu tempo non tivemos nin a probe das freras e cereixas e nestore non hai un consoo de peras ni apenas algunha mazá meio engorrovellada.

Pro Deus concede saude. Eu traballo na Sintesis do XIX golego moito máis dificultoso do que a do XVIII.

Procurareino por isas rúas cando vaia. Con saudos de Gite pra Vdes, meus recordos a sua dona - b. ss. p. ps. - e apertas do seu vello amigo, espeito universitario que moito lle quere e lembra

Ramon Otero Pedrayo